



A manifestación poética 'Vento Lois' reuniu a centos de persoas, entre as que estaban -na imaxe-, Cesáreo Sánchez, Manuel Rivas, Mercedes Queixas ou Antón Reixa

AMADOR LORENZO

A MANIFESTACIÓN POÉTICA 'VENTO LOIS' CONGREGOU A FAMILIARES, AMIGOS E SEGUIDORES DO DESAPARECIDO ESCRITOR MONFORTINO

Centos de persoas lembran a Pereiro na Coruña ao berro de "Sempre Lois"

Lino Braxe exerceu como mestre de cerimonia dun evento que ateigou a rúa Rego da Auga

HÉCTOR J. PENA
GALICIA
hector.pena@xornaldegalicia.com

"Baixo o sol que tanto lle gustaba", en palabras de Lino Braxe, a Coruña tornou durante a xornada de onte na capital do universo Lois Pereiro. O desaparecido poeta monfortino recibiu un cálido tributo por parte de centos de persoas, que se congregaron na praza de María Pita para participaren na manifestación poética *Vento Lois*.

Os acordes da Banda Municipal de música iniciaron a un evento no que tomaron parte familiares, amigos e curiosos atraídos pola algarabía e o bo tempo que viviu a cidade. Entre os asistentes estaban os tres grandes responsables de *Vento Lois*: o irmán do escritor, Xosé Manuel Pereiro; o seu amigo Manuel Rivas e a concelleira de Cultura, María Xosé Bravo.

A CIDADANÍA RECITA OS VERSOS DO POETA NO TEATRO ROSALÍA

Finalizado o pasarrúas, os asistentes á manifestación poética entraron no Teatro Rosalía de Castro, que rexistrou un cheo case total no seu patio de butacas. Alí tivo lugar un recital poético dos versos de Lois Pereiro por parte de persoeiros da cultura galega, familiares, amigos e cidadáns nun acto conducido por un emocionadísimo Lino Braxe, que en algúns momentos tivo que facer serios esforzos para conter as bágoas. Este agradeceulle ao Concello da Coruña a iniciativa do *Vento Lois*, e definiu o evento como "unha celebración, dende a



Cesareo Sánchez, no Teatro Rosalía

Nese intre, un Lino Braxe que exerceu como mestre de cerimonia, megáfono en man, coreou o berro de guerra da manifestación: "Sempre Lois", que supuxo o punto de partida dun pequeno pasarrúas que ateigou Rego da Auga -que une María Pita co Teatro Rosalía

Bravo destacou: "Non nos reúne un heroe local dalgunha batalla, senón un poeta; iso nos honra"

dor, de todo o que el nós legou en vida", antes de presentar a nai de Lois Pereiro, que recibiu o maior aplauso da xornada. Comezado o recital, o primeiro en coller o micrófono e pórse de pé foi o irmán do poeta, o xornalista Xosé Manuel Pereiro, que recitou *Narcisismo*. Logo, seguirían o seu exemplo outros familiares de Lois Pereiro presentes no Teatro Rosalía de Castro, como a súa irmá Inés ou Isabel, a súa cuñada. Outros asistentes, como Mercedes Queixas, Manuel Rivas, Gustavo Pernas, Xavier Seoane ou Olga Patiño tamén recitaron poemas de Lois Pereiro.

de Castro-, baixo unha pancarta co lema "O odio fire. A indiferenza mata. Amarte vida".

Dende logo, se o obxectivo da concentración -ademais de homenaxear a Lois Pereiro- era o de difundir a súa palabra, conseguírono. Manuel Rivas fixo voar os versos

do de Monforte de Lemos botando ao aire decenas de copias dos seus poemas, que os cidadáns recollían para ler con avidez.

Outro momento destacado foi cando, case ás portas do Rosalía de Castro, unha elegante dona coruñesa, ataviada co seu abrigo e as súas perlas, recollía de mans de Xurxo Souto un dos poemas de Lois Pereiro. "No lo conocía, pero escribe muy bien. Es una poesía muy bonita", sinalou para Xornal de Galicia.

Tamén, respondendo ao chamamento dos organizadores, puidéronse ver carteiros con versos de Lois Pereiro entre os asistentes á manifestación poética. Entre todos, destacaba un co lema "Aprender é unha victoria".

María Xosé Bravo sintetizou nunha frase, xa no Teatro Rosalía, todos os sentimentos que afloraban entre os asistentes: "Non nos reúne un heroe local dalgunha batalla, senón un poeta. Iso nos honra". ■

www.xornal.com

Opine sobre a celebración do 'Vento Lois' e mira as fotos da galería na nosa web